

Sede en Ourense


Se botamos un ollo a todo o que teñamos lido con anterioridade e pensamos en todas as obras en que a choiva acada un lugar salientable comprobaremos a importancia que este fenómeno tivo e aínda ten non só na literatura galega, senón en todas as demais. Algúns autores escóllena para ambientar os seus espazos, outros para xustificar incribles condutas nos seus personaxes ou mesmo outros conseguen converter a choiva nunha sorte de personaxe máis sen o cal a naración perdería moito do seu contido. Do que non hai dúbida é de que a choiva garda unha estreita relación co ser galego tal e como amosou Blanco Amor n'*A esmorga* e tal e como agora Uxía Casal (Santiago de Compostela, 1957) mostra en *Sede en Ourense*. Os dous ambientaron as devanditas novelas en Ourense, mais mentres que o primeiro facía que algúns dos acontecementos fosen consecuencia dunha presenza esaxerada da choiva a segunda tece toda unha serie de feitos derivados da ausencia da choiva.

En *Sede en Ourense* atopámonos na cidade, quince anos despois de caer a última gota de auga. Tal e como ocorre nos períodos de escaseza e de necesidade, aparecen persoas dispostas a se enriquecer aproveitando a falta de

Un relato con forte reclamo



PAULA FERNÁNDEZ



algo tan primario e na novela non podía ser doutro xeito, aínda que o que asombra é que esteamos ante unha grande rede de contrabandistas de auga. Moitos dos personaxes conducen os seus camións

portando o líquido tan desexado por todos. Preséntase a acción baixo a forma dunha novela policiaca que xira arredor dunha familia onde o home perde o emprego e comeza o negocio do contrabando sen saber que a súa muller e a súa sogra son as que dirixen todo o mercado da auga.

Intrigas, turbulentas relacións coa policía, a presenza nalgúns intreos do peor da condición humana, reflexións existencialistas, chantaxes e mesmo unha certa estética futurista, que se intúe nalgúns espazos e situacións, fan que poidamos incluír *Sede en Ourense* dentro do grupo da novela policiaca, case sen explorar na Galiza ata o último terzo do século XX e que tantos apaixonados consegue, porén.

Sen dúbida, e xa centrados no sector de idade ao que especialmente vai dirixido, que por suposto non ten nin debe ser o único, o orixinal tema, a escrita, sempre intrigante e misteriosa, e, finalmente, un xeito de transcorrer os acontecementos liñal e moi dinámico e interesante converten a esta novela nun reclamo para os lectores e lectoras xuvenís, poida que os seguidores máis entusiastas deste tipo de obras.

CASAL, Uxía, *Sede en Ourense*, Ed. Galaxia, Vigo, 2005, 164 páxinas